

UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: VARIAS

Neste último apartado incluímos algunhas serras e montañas de interese que non forman parte dos conxuntos anteriores.



MACIZO DO FORGOSELO

O punto máis alto é o Monte Forgoselo ou Racamonde con 542 m.

Conserva interesentaes restos etnográficos (Curro de Racamonde) e formas graníticas curiosas: penedos, bolos, pías e cacholas.

A parte norte está incluída na Zona de Especial protección dos Valores Naturais, proposta para a rede natura 2.000 "Xuvia-Castro-Forgoselo" e a zona sur no Parque Natural Fragas do Eume.

Accedese desde Calzados ou Goente (As Neves), ou polas pistas do parque eólico.



SERRA DO QUEIXEIRO

O punto máis alto é Pena da Uz, con 705 m.

Unha gran parte está incluído no Parque Natural Fragas do Eume. O val do río Frei Bermúdez e o Canón son Reservas Integrais. Accedese desde Monfero.


Canón do Eume, entre O Forgoselo, de paredes de granito, e O Queixeiro, de xistos.



SERRA DE GALLEIRO

O punto máis alto é Coto de Cales, con 742 m. Accedese desde Os Valos, na estrada Porriño-Redondela.

Cerambix cerdo



Vista da aba leste do Galleiro desde os montes da Paradanta.

MONTE XALO

O punto máis alto acada 527 m. Ten unha formación graníticas moi curiosas: bloques, bolos, paredes verticais...

Accedese desde a N-550 Santiago-A Coruña, en Tabeaiaio.



Petón de Xalo, parede granítica onde se practica a escalada.

PICO SACRO

Monte de 533 m cun gran interese paisaxístico (vistas sobre unha ampla zona) e xeolóxico. Está constituído por seixos moi puros que sobresaen sobre a paisaxe suave do contorno. Arredor desde monte existen moitas lendas sobre a existencia de dragóns e serpes ou as súas virtudes curativas. Accedese pola N-525, desde Lestedo.




Cume do Pico Sacro e Capela de San Bastián.

PENA CORNEIRA

Forma parte dun pequeno macizo de granodiorita onde aparecen grandes bolos entre os que destaca a Pena Corneira, un penedo vertical de 20 m de altura rodeado de carballos e cerquiños.

Accedese desde a estrada de Beade a Avión.

Foi declarada Monumento Natural.



DESEÑO E MONTAXE: Adela Leiro, Mon Daporta
FOTOS: Adela Leiro, Mon Daporta, Lucía Leiro, Isaac Pontanilla, Victor M. Caamaño Rivas, Abel Vigo.

Cambados, 2006

A todas aquelas persoas que viven nas montañas, mantendo vivos os seus valores e ás que loitan contra contra praga do lume que asola este país ano tras ano Galiza, maio de 2007.

